

## REGULAMENTO DO SERVICIO DE AUGA POTABLE DO CONCELLO DE FERROL

O Pleno do excelentísimo Concello de Ferrol, en sesión de data 15 de novembro de 2002, acordou aprobar definitivamente o Regulamento do servizo de auga potable do Concello de Ferrol, co obxecto de publicación e entrada en vigor, de conformidade co artigo 49 da LBRL e artigo 196 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Contra o presente regulamento poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, dentro do prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste edicto na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

### CAPÍTULO I

#### Normas Xerais

##### Artigo 1. Obxecto

O presente regulamento ten por obxecto regula-las relacións entre a entidade que presta o servizo de subministración de auga potable e os usuarios ou abonados do servizo de abastecemento de auga potable, e sinálanse os dereitos e obrigas básicas para cada unha das partes.

##### Artigo 2. Forma de xestión e titularidade do servizo

O abastecemento de auga potable de Ferrol é un servizo público municipal establecido en cumprimento do artigo 26.1 a) da Lei 7/85.

As obras e instalacións do servizo son bens de dominio público municipal, na súa cualificación xurídica de bens de servizo público, e a súa titularidade é do Concello de Ferrol.

O excelentísimo Concello Pleno en sesión de data 28 de abril de 1999 aprobou a adxudicación do concurso "Selección de empresa privada coa que constituír unha empresa de economía mixta para a xestión dos servizos públicos de abastecemento e saneamento no término municipal de Ferrol" á

UTE formada por "Urbaser-Dragados", denominada abreviadamente UTE Urbagua-Ferrol. Como resultado da adxudicación de referencia, o Concello de Ferrol e a UTE Urbagua-Ferrol comprometéronse en contrato de data 8 de xuño de 1999 a realiza-los trámites necesarios para constituír unha sociedade de economía mixta para a xestión do servizo público de abastecemento e saneamento no termo municipal de Ferrol. Para tales efectos constituíuse a Sociedade Empresa Mixta de Augas de Ferrol, S.A., abreviadamente "Emafesa".

##### Artigo 3. Competencias

1.-Son competencias de "Emafesa" na xestión integral do servizo:

a) A captación, embalse, depósitos, conducción, depuración, distribución e subministración de auga.

b) Instalacións, ampliacións, substitucións, reparacións, reformas e melloras das redes de distribución e das acometidas.

c) Instalacións de bocas de incendio e rega.

d) Colocación e retirada de contadores, sen prexuízo das competencias doutras empresas autorizadas.

e) Colocación e retirada de precintos nos aparellos medidores do consumo ou contadores.

f) Inspección de instalacións, sen prexuízo das competencias que a lexislación vixente lles confira ós distintos órganos da Administración.

g) A clasificación da subministración de auga potable atendendo a súa utilización (usos domésticos, comerciais, industriais, obras e outros expresamente autorizados).

h) Programas e actividades que con carácter accesorio ou complementario redunden nunha mellor xestión e explotación do servizo.

2.-O ámbito competencial de "Emafesa" acada:

- a) O abastecemento de Ferrol e o seu termo municipal.
- b) O abastecemento doutros concellos e organismos públicos ós que se lles subministra a auga potable en alta.
- c) As instalacións do servizo dentro do termo municipal e aquelas outras de propiedade do Concello, situadas noutros termos municipais.

## CAPÍTULO II

### Definicións e terminoloxía

#### Artigo 4. Elementos persoais e materiais do servizo

Para os efectos deste regulamento entenderase por propietario o titular ou titulares do dominio sobre a edificación e os seus anexos, ou os seus representantes legais, obrigados a dotar estes das instalacións de subministración de auga potable.

Denomínase usuario ou abonado o titular do dereito de uso do inmovible, local ou industria, ou o seu representante legal, que teña contratado a subministración de auga potable.

Denomínase entidade subministradora para os efectos deste regulamento a persoa xurídico-privada Empresa Mixta de Augas de Ferrol, S.A. ("Emafesa"), que dedica a súa actividade á xestión integral do servizo de auga.

Denomínase rede de distribución o conxunto de tubos cos seus elementos de manobra, control e accesorios, instaladas en rúas, prazas, camiños e demais vías públicas, a través das cales se subministra a auga ás distintas zonas da poboación.

Denomínanse arterias aqueles tubos, e os seus elementos, da rede de distribución que enlazan diferentes sectores da zona abastecida, sen que nela poidan realizarse acometidas.

Enténdese por ampliación da rede de distribución as extensións ou prolongacións realizadas a partir desta dende un punto xa abastecido ata o lugar de situación doutros inmobles os que se pretende dotar do servizo de auga.

Comprende, así mesmo, este concepto aquelas modificacións que se realizan sobre unha rede existente cando a súa capacidade é

notoriamente insuficiente para atenderlo abastecemento dunha ou varias zonas da poboación.

A chave de toma é aquel elemento ou mecanismo que se instala sobre o tubo da rede de distribución que permite abrir ou pecha-lo paso de auga cara á acometida. A súa colocación é conveniente posto que permite facer tomas na rede e manobras nas acometidas mantendo en servizo o resto dos tubos de distribución. Unicamente será utilizada por persoal de "Emafesa", sen que os abonados, propietarios ou terceiras persoas poidan manipulala. A conveniencia ou non da súa instalación será determinada por "Emafesa" en función das características da acometida.

A acometida é o tubo que enlaza a rede de distribución coa instalación xeral interior do edificio. Atravesará o muro de cerramento do edificio por un orificio practicado polo propietario ou abonado do inmovible de modo que o tubo quede solto e lle permita a libre dilatación, se ben deberá ser unido de xeito que á vez o orificio quede impermeabilizado.

A chave de rexistro ou de acometida é aquel elemento ou mecanismo de apertura e peche de subministración que se instalará sobre a acometida na vía pública, xunto ó edificio, no límite do inmovible, paramento de fachada ou peche, próxima ó portal de entrada ou acceso, e en arqueta con tapa e peche. Unicamente será utilizada por persoal de "Emafesa" e en situacións de urxencia, polos servizos municipais (policía, bombeiros, e, se é o caso, protección civil), sen que os abonados, propietarios ou terceiras persoas poidan manipulala. Constitúe o elemento diferenciador entre a entidade subministradora e o abonado, no que respecta á reparación da acometida, e é competencia da entidade subministradora reparala acometida dende a rede ata a chave de rexistro, incluída a propia chave, e competencia do abonado a súa reparación a partir dela.

A chave de paso é aquel elemento ou mecanismo de apertura e peche da subministración, que se instalará na unión da acometida co tubo de alimentación xeral do inmovible, xunto ó limiar da porta e no interior do edificio. Se fose preciso, o propietario ou persoa responsable do local poderá utilizala cando determinadas causas así o requiran. Estará aloxada nunha cámara impermeabilizada.

## CAPÍTULO III

### Obrigações e dereitos de "EMAFESA" e das persoas abonadas

#### Artigo 5. Obrigações de "Emafesa"

1.-Con independencia daquelas situacións que sexan obxecto dunha regulación especial neste regulamento, das que poidan derivarse obrigações específicas para "Emafesa", esta terá as seguintes obrigações:

a) Conservación das instalacións: manter e conservar ó seu cargo, as redes e instalacións necesarias para o abastecemento, así como as acometidas ata a chave de rexistro que contempla o artigo 4.

b) Obrigación de subministración: "Emafesa" está obrigada a conceder-la subministración de auga a todo petionario dela, e á ampliación da subministración correspondente a todo abonado final que o solicite, nos termos establecidos no presente regulamento e nas condicións urbanísticas, técnicas e económicas recollidas nas normas regulamentarias vixentes.

c) Regularidade na prestación dos servizos: subministrarlles de forma regular auga ós usuarios. A falta de subministración, sempre que non sexa atribuíble á empresa por negligencia, non dará lugar a indemnización nos supostos de avaría, rotura da rede ou outras causas de forza maior.

d) Potabilidade da auga: "Emafesa" está obrigada a garantir en todo momento as condicións de potabilidade da auga, consonte as disposicións sanitarias vixentes e demais normas aplicables, ata a chave de rexistro, inicio da instalación interior do edificio.

As análises realizaranse coa frecuencia necesaria, e, como mínimo coa periodicidade e nas condicións establecidas na normativa vixente. "Emafesa" será responsable de entregar-la documentación que se solicite dende os distintos organismos oficiais.

Cando nos inmobles ou locais nos que o uso da auga ou disposición das instalacións interiores poidan afectar á súa potabilidade na rede de distribución por retornos de posible carácter

contaminante, "Emafesa" suspenderá a subministración ata que as persoas interesadas tomen as medidas oportunas en previsión de tales situacións.

e) Información de incidencias: "Emafesa" informará os abonados, sempre que sexa posible e polos medios máis axeitados e de maior difusión, de cantas interrupcións ou alteracións se produzan na subministración.

f) Medicións: cumprirá así mesmo con todo o relacionado coa medición, determinación de consumos de auga e demais materias de competencia establecidas na normativa aplicable.

g) Presión: manter, na chave de rexistro, as condicións de presión e caudal que permite a rede xeral de distribución quedando suxeita ás posibles variacións técnicas.

h) Contesta-las reclamacións que se formulen por escrito con carácter xeral.

i) Tarifas: aplicar ós distintos tipos de subministración as tarifas que en cada momento aprobe o órgano competente do Concello de Ferrol.

l) Libro de reclamacións: manter un libro de reclamacións no que, libremente, os usuarios poderán formular cantas suxestións e queixas crean conveniente. Da existencia do dito libro de reclamacións figurará nas oficinas do servizo un cartel indicativo, instalado en lugar visible e de tamaño axeitado para a súa doada lectura.

ll) Teléfono de consulta: "Emafesa" contará cunha liña telefónica de consulta as 24 horas do día para que os usuarios poidan avisar das avarías e solicitar información do estado das reparacións, cortes de auga, etc.

m) Purga dos tubos: "Emafesa" estará obrigada a purga-los tubos despois dunha reparación co obxecto de sacarlle-lo aire e limpalas de terra.

2.-Non obstante, non está obrigada "Emafesa" á subministración de auga naqueles puntos en que aínda non exista rede de distribución instalada, e soamente existan

arterias xerais, canalizacións de gran diámetro, depósitos reguladores ou cando a rede existente sexa insuficiente e non permita unha subministración regular e normal pola situación do edificio ou inmobile, caudal a utilizar ou pola concorrencia de circunstancias análogas.

### Artigo 6. Dereitos de "Emafesa"

Sen prexuízo daqueles outros que en relación con situacións específicas poidan derivarse para a entidade, esta, con carácter xeral, terá os seguintes dereitos:

a) Inspección de instalacións interiores: sen prexuízo das competencias que a lexislación vixente lles confira ós distintos órganos da Administración (estatal, autonómica ou local), asístelle o dereito a inspecciona-las instalacións tanto exteriores como interiores da subministración que, por calquera causa, estean ou poidan estar en servizo ou uso. Para poder acceder ás instalacións interiores, a empresa deberá seguir os procedementos establecidos para tal efecto pola lexislación vixente.

b) Cobros por facturación: asístelle o dereito a percibir, nos lugares sinalados no presente regulamento, o importe das facturacións ou cargos que regulamentariamente lle formule ó abonado ou usuario.

c) Cobro da facturación pola execución de obras derivadas da reparación de avarías na rede, das que a súa orixe sexa imputable a terceiros.

### Artigo 7. Obrigacións da persoa propietaria-abonada

Sen prexuízo das obrigacións e prohibicións que con carácter específico se establecen neste regulamento, os usuarios haberán de cumprir os deberes de carácter xeral que se indican:

a) Pagamento de recibos e facturas: en reciprocidade coas prestacións que reciben, estarán obrigados ó pago dos cargos que lles formule "Emafesa", nas condicións establecidas por esta, consonte ós prezos aprobados polo órgano competente do Concello, así como aqueles outros derivados dos servizos específicos que se lle presten.

A obrigatoriedade de pagamento considerarase extensiva ós casos en que os consumos se orixinasen por fuga, avaría, ou defecto de construción ou conservación das instalacións interiores, por causas non imputables á empresa.

b) Pagamento de fianzas: deposita-las preceptivas fianzas, esixibles en caso de instalacións de acometidas, e na formalización do contrato de subministración consonte o disposto no presente regulamento.

c) Uso racional da auga: limita-lo consumo de auga ás súas propias necesidades, evitando consumos excesivos ou innecesarios, especialmente en casos de restriccións xerais ou na zona.

d) Avisos de avarías: comunicarlle a "Emafesa" calquera avaría que observe nas súas instalacións, en caso de fugas ou perdas de auga.

e) Conservación de instalacións: sen prexuízo de canto para tal efecto establecen as normas básicas para instalacións interiores de subministración de auga, todo abonado/propietario deberá utilizar de forma correcta as instalacións ó seu servizo, adoptando as medidas necesarias para conservar estas na forma máis axeitada, e evitando o retorno á rede de posibles augas contaminantes, mantendo, ademais, intactos os precintos que garanten a non manipulación do contador.

f) Usos e alcance dos subministros: os abonados están obrigados a utiliza-la auga subministrada na forma e para os usos contratados e a obte-la autorización do servizo cando o réxime de consumo se vaia alterar substancialmente ou cando vaian realizar calquera modificación nas súas instalacións que implique un aumento dos caudais contratados de subministración ou modificación no número de receptores.

g) Información: facilitarlle a "Emafesa" os datos que solicite coa maior exactitude e comunicar calquera modificación na domiciliación do recibo.

h) Notificación de baixa: solicitar por escrito a baixa como abonado indicando, en todo caso, a data en que debe cesar a subministración, de conformidade co establecido neste regulamento.

i) Recuperación de caudais: os abonados que nas súas instalacións dispoñan de piscinas, equipos de refrixeración ou instalacións frigoríficas que utilicen a auga como medio portador de enerxía térmica, deberán equipar esas instalacións con equipos de reciclaxe de conformidade co establecido na norma básica para instalacións interiores.

l) Independencia de instalacións: cando nun inmovible concorran a auga de distribución pública coa doutra procedencia, o propietario/abonado virá obrigado a establecer redes e instalacións interiores por onde circulen ou almacenen independentemente as ditas augas, co obxecto de impedir que se mesturen as dunha e outra procedencia.

## Artigo 8. Dereitos dos abonados ou usuarios

Sen prexuízo daqueles outros que en relación con situacións específicas poidan derivarse, estes, con carácter xeral, terán os seguintes dereitos:

a) Potabilidade da auga: recibir nas súas instalacións auga que reúna os requisitos de potabilidade establecidos nas disposicións vixentes.

b) Servizo permanente: a disposición permanente da subministración de auga potable, consonte as condicións que se sinalen no seu contrato de subministración, sen outras limitacións cás establecidas no presente regulamento.

c) Facturación: a que os servizos que reciba se lle facturen polos conceptos e contías vixentes en cada momento.

d) Lectura de contadores: a que "Emafesa" realice un mínimo de tres lecturas reais ó ano, en períodos máximos de catro meses

e) Periodicidade de facturación: a que se lle facturen os servizos que reciba

cunha periodicidade máxima de dous meses.

f) Contrato: a que se lle formalice, por escrito, un contrato, de acordo co modelo establecido para tal efecto pola empresa.

g) Información: a consultar todas as cuestións derivadas da prestación e funcionamento do servizo en relación coa subministración; así como a que o informen da normativa vixente que é de aplicación e que se lle facilite, por parte de "Emafesa", un exemplar do presente regulamento.

h) Presión: recibir, na chave de rexistro, as condicións de presión e caudal que permite a rede xeral de distribución, que queda suxeita a posibles variacións técnicas.

i) Reclamacións: formular reclamacións contra a entidade ou os seus empregados de conformidade coas disposicións vixentes.

## CAPÍTULO IV

### Condicións da subministración

#### Artigo 9. Garantía de presión, caudal e potabilidade

1.-A presión e caudal nos puntos de subministración quedarán suxeitos ás variacións técnicas da rede xeral de distribución.

2.-"Emafesa" garantirá a potabilidade da auga procedente da súa rede de distribución no punto de entrega de subministración. "Emafesa" actuará neste sentido de acordo coa regulamentación técnico sanitaria vixente en cada momento.

3.-Cando nos inmoables ou locais nos que o uso da auga, ou disposición das instalacións interiores puidesen afectar á súa potabilidade na rede de distribución por retornos de posible carácter contaminante, "Emafesa" suspenderá a subministración ata que os interesados tomen as medidas oportunas para evitar tales situacións.

## Artigo 10. Continuidade no servizo

1.-Salvo causa de forza maior ou avaría nas instalacións públicas, "Emafesa" ten a obriga de manter permanentemente o servizo.

2.-Os abonados estudarán as condicións de funcionamento das súas redes de distribución en inmobles ou locais a abastecer, para adecualas as súas necesidades, e poden solicita-lo asesoramento dos servizos técnicos de "Emafesa".

3.-En ningún caso se poderá, sen previa autorización, conectar directamente ás acometidas bombas ou calquera aparello que modifique ou poida afecta-las condicións da rede de distribución no seu contorno e polo tanto o servizo prestado a outros abonados.

## Artigo 11. Interrupcións temporais da subministración

1.-Para os efectos derivados do número anterior, establécense os seguintes casos xustificados de corte ou interrupción da subministración:

a) Avaría en calquera das instalacións do servizo que faga imposible a subministración.

b) Perda ou diminución do caudal dispoñible que provoque insuficiencia da dotación, acumulación ou presión da auga.

c) Execución de obras de reparación, mantemento ou mellora das instalacións.

d) Perda da condición de potabilidade da auga e que implique un risco inminente para a saúde da poboación abastecida.

e) Causas de forza maior ou recoñecida urxencia.

2.-Nos casos en que se produza unha interrupción da subministración, "Emafesa" deberá procurar en todo momento limitar ó mínimo o tempo da súa duración, e achega-los medios humanos e materiais necesarios para o pronto restablecemento do servizo, co fin de causa-lo menor trastorno ós afectados pola interrupción.

3.-"Emafesa" comunicará coa debida antelación, por medio de anuncio en prensa,

radio, taboleiro de edictos ou outro medio de difusión que se considere axeitado á importancia e urxencia do caso, a interrupción da subministración, o tempo aproximado que durará a interrupción e o horario para as restriccións que se impoñan ós abonados do servizo ós que lles afecten as consecuencias daquela. Así mesmo, nos supostos en que se produza unha interrupción da subministración, a Empresa Mixta comunicarlle ó Concello de Ferrol as ditas interrupcións.

4.-Soamente en caso de que a reparación dunha avaría precise do corte inmediato da subministración, así como nos de recoñecida urxencia ou forza maior, poderá o servizo quedar eximido da obriga de anuncio.

5.-A falla de subministración non dará lugar a bonificación ou redución na facturación ou a indemnización nos supostos de avaría, rotura da rede, falla de dispoñibilidade de auga ou cortes de subministración por tarefas ineludibles de conservación e servizo. No caso de que a falla de subministro sexa achacable a negligencia da empresa os abonados terán dereito a reclamar bonificación ou redución na facturación. "Emafesa" quedará obrigada a dar publicidade das súas medidas a través dos medios indicados no apartado 3 deste artigo.

6.-Os abonados que pola natureza do uso que lle dean á auga non poidan prescindir eventualmente do consumo durante o período de interrupción forzosa da subministración deberán adoptar-las medidas necesarias en previsión da dita contingencia.

## Artigo 12. Réxime de prevalencias

1.-En caso de interrupción temporal da subministración, sen prexuízo do que establezan as regulacións específicas de cada sector, gozarán de prevalencia aqueles locais nos que se desenvolva calquera tipo de actividade na que a auga represente unha permanente e inescusable necesidade para a saúde pública ou seguridade das persoas e bens e, especialmente, nos centros hospitalarios.

## Artigo 13. Restriccións na subministración

Cando circunstancias de seca, escaseza de caudais de auga ou dificultades de tratamento o aconsellen, "Emafesa" adoptará as medidas de restricción na subministración de auga potable ós abonados que recomenden e autoricen os organismos competentes.

## CAPÍTULO V

### Ampliacións da rede

#### Artigo 14. Concesión de novas subministracións

1.-A concesión de novas subministracións en puntos que, aínda situados dentro do perímetro do termo municipal, estean en lugares non abastecidos, ou que estando requiran unha modificación ou ampliación das instalacións existentes, estará sempre supeditada ás posibilidades do abastecemento.

2.-Cando, como consecuencia da situación descrita, sexa necesario efectuar unha prolongación das redes xerais de distribución, non situadas en solo urbano, así como non contempladas nas previsións de investimentos de "Emafesa" nin dos organismos públicos competentes, será por conta dos beneficiarios a totalidade dos gastos que se orixinen con motivo da dita ampliación, e deberán sufragar así mesmo os custos das acometidas e cotas de enganche correspondentes.

#### Artigo 15. Execución das obras de ampliación

1.-As obras de ampliación, trala preceptiva autorización municipal, a que se refire este capítulo executaraas, con carácter xeral, "Emafesa". En caso de que excepcionalmente as obras foran realizadas por empresa autorizada, "Emafesa" inspeccionará a nova instalación e ó respecto emitirá un informe de conformidade ou reparo tras realiza-las probas que considere oportunas, para os efectos da posterior recepción das instalacións.

2.-O material utilizado na execución das obras de instalación, así como as características e condicións que deberán reuni-las distintas pezas ou elementos a empregar na instalación, axustaranse ás establecidas no informe emitido previamente por "Emafesa".

#### Artigo 16. Prolongacións de rede

As prolongacións de rede deberán ser efectuadas, con carácter xeral, por terreos de dominio público. Non obstante, cando por circunstancias xustificadas, a xuízo do Concello, non sexa posible cumprir ó previsto no presente artigo, os particulares propietarios dos terreos afectados polo paso do tubo, deberán poñerlos terreos a disposición do Concello, ben mediante a súa expropiación, ben mediante o establecemento da oportuna servidume, de acordo co establecido na lexislación vixente. O

terreo afectado deberá manterse expedito ó tránsito e acceso de vehículos e persoal de "Emafesa".

#### Artigo 17. Información de solicitudes de licenzia para a execución de obras

O Concello de Ferrol coordinará con "Emafesa" toda solicitude ben de licenzia ou autorización para execución de obras que, promovida por terceiros, implique directa ou indirectamente reforma ou modificación das redes de distribución de auga existentes, co obxecto de que emita informe previo sobre a súa incidencia no servizo, e para os efectos de que estas se executen conforme as disposicións vixentes en cada momento.

#### Artigo 18. Titularidade das prolongacións realizadas na rede

O enganche das redes interiores coas de distribución a través de acometidas, así como as reformas, modificacións e reforzos que tivesen que efectuarse como consecuencia das novas demandas de subministración, realizaraas "Emafesa" por conta e a cargo do promotor ou propietario da urbanización.

O mantemento e conservación destas instalacións e redes interiores en propiedade privada serán de responsabilidade e por conta exclusiva da propiedade.

## CAPÍTULO VI

### Das acometidas

#### Artigo 19. Solicitude de acometidas

Toda persoa, física ou xurídica, que desexe realizar conexións á rede de distribución, acudirá ás oficinas de "Emafesa", onde será informada das condicións da subministración, cubrirá os impresos dispostos para tal fin. A autorización destas instalacións será outorgada por "Emafesa" trala obtención da preceptiva licenzia municipal.

#### Artigo 20. Realización de acometidas

1.-As instalacións de acometidas ós edificios, a partir da chave de rexistro, efectuaraas persoal de "Emafesa", ou instalador autorizado pola Consellería de Industria, e por conta do abonado ou usuario. A acometida deberá contar coa correspondente licenzia municipal.

2.-O material que se empregará, sección e demais características e prescricións técnicas da instalación, fixaraas o Concello na preceptiva licenza municipal, coa previa coordinación con "Emafesa" e de acordo coa presión, caudal, consumos previsibles, situación do local a subministrar e servizos que comprende.

3.-As acometidas entrarán necesariamente polo portal principal do edificio ou lugar de acceso ó inmovible máis próximo á vía pública, cando o inmovible non forme liña de fachada con esta.

4.-Cando a subministración solicitada o sexa para unha vivenda ou un bloque de vivendas que constituía un só inmovible, concederáse unha única acometida para a subministración domiciliaria del, e terán a consideración de usos domiciliarios, para tarifalos, aqueles que se realicen en calefacción, garaxes, xardíns e demais servizos comúns para uso ou aproveitamento en réxime de comunidade.

En xeral, os locais comerciais subministraranse pola toma de usos domiciliarios.

5.-Cando varios inmovibles gocen en réxime de comunidade do uso dun parque, central térmica, zona de recreo ou deportiva ou outras instalacións, será preceptiva a existencia dunha acometida independente para estes servizos. O abonado ou usuario, neste caso, será a persoa ou persoas que exerzan a representación da comunidade ou comunidades existentes.

O aparello de medida instalárase no límite da propiedade coa vía pública.

#### **Artigo 21. Mantemento, reparación e conservación**

Os ramais ou as acometidas dende a rede de distribución ata a chave exterior de rexistro quedarán en propiedade do Concello de Ferrol, e será obrigación de "Emafesa" o seu mantemento, reparación e conservación normal. Naqueles casos en que non exista chave de rexistro ó final de ramal na vía pública e xunto ó inmovible, o elemento diferenciador no que respecta á conservación e delimitación de responsabilidades estará determinado pola liña ou paramento de fachada do inmovible ou predio abastecido ou límite da propiedade.

#### **Artigo 22. Gastos de instalación**

Serán de conta do propietario ou do solicitante os gastos pola instalación das acometidas; comprenderán estes, ademais do custo do material que se empregue, o de execución dos distintos traballos, incluídos os de apertura de gabiá e reposición de pavimento.

#### **Artigo 23. Obrigacións previas**

O contratista ou propietario do inmovible, solicitante da instalación das acometidas reguladas no presente capítulo, previo ó comezo das obras, está obrigado a presenta-los xustificantes acreditativos das autorizacións ou permisos municipais ou doutros organismos provinciais, autonómicos ou estatais que, por razón da titularidade do dominio das vías públicas, sexan esixibles como consecuencia das obras a realizar; será de cargo dos propietarios ou solicitantes o aboamento de taxas, impostos e, en xeral, de toda clase de tributos que se xeren con ocasión das referidas obras e instalacións.

#### **Artigo 24. Necesidade de autorización do solicitante non propietario**

Cando a persoa solicitante da acometida non sexa a propietaria do inmovible ou promotor/a do edificio, presentará documentos acreditativos en que conste de forma expresa a autorización deste para a instalación.

#### **Artigo 25. Reparación, substitución ou modificación**

A reparación substitución ou modificacións das acometidas existentes, a partir da chave de rexistro, efectuaráase o persoal de "Emafesa" ou da instaladora autorizada pola Consellería de Industria, e por conta do abonado ou usuario. A acometida deberá contar coa correspondente licenza municipal.

Se as modificacións a realizar supuxesen alteración nas condicións da subministración contratada, procederáse previamente á formalización dun novo contrato. Calquera actuación sobre a acometida por parte da propiedade ou usuarios que non se ataña ó anterior terá a consideración de fraudulenta.

#### **Artigo 26. Casos de construción, demolición, reforma ou ampliación de edificios**

1.-En caso de demolición de edificios, ou parte deles, ou de construción de novas edificacións, será necesario solicitar de



"Emafesa" unha nova acometida, que se rexerá integramente polas normas municipais aplicables ás de nova instalación.

2.-En caso de realización de obras de reforma, reparación ou ampliación de edificios, quedarán determinadas na propia licenza municipal as condicións de instalación de nova acometida.

3.-En todos os casos en que se instale unha nova acometida será obrigatorio proceder á anulación da acometida antiga na súa unión coa rede de distribución, e por conta de abonado ou usuario.

4.-No caso de que un inmovible aumentase, despois de realizada a acometida, o número de servizos, ou ampliase o número de vivendas, e a acometida existente fose insuficiente para unha normal satisfacción das novas necesidades, solicitaráselle a "Emafesa" a substitución da acometida por outra axeitada. Os gastos serán por conta do abonado ou usuario.

#### **Artigo 27. Acometidas contra incendios**

1.-Nos inmobles nos que sexa obrigatoria a instalación de acometidas contra incendios, estas serán solicitadas polos propietarios ou promotores no momento e nas mesmas condicións coas da subministración e serán por conta dos interesados todos os gastos que orixine a dita instalación.

As acometidas para servizo exclusivo de incendios requirirán as mesmas condicións previstas para as de abastecemento, independentemente da normativa que para estes efectos dicten os organismos competentes.

2.-Realizadas as obras de acometida e antes de proceder ó enganche coa rede interior, "Emafesa" inspeccionará esta última, comprobando para tal efecto o cumprimento das especificacións de instalación marcadas polos organismos competentes.

3.-Instalaranse medidores de consumo para as acometidas contra incendios. A auga consumida a través destas acometidas facturarase de acordo coas tarifas vixentes en cada momento.

#### **Artigo 28. Acometidas para obras**

Para a execución de obras poderán subministrarse a auga a través dunha

acometida provisional, entendéndose esta con todas as características dunha acometida habitual en canto a dimensións, localización, etc. Con carácter xeral procurarase que a acometida provisional se sitúe no sitio previsto no proxecto do edificio para a acometida definitiva.

#### **Artigo 29. Tomas eventuais en bocas de rega**

1.-No suposto de que para a execución de obras de urbanización ou de obras e instalacións que se realicen en rúas, vías públicas ou bens de dominio público municipal ou doutra finalidade pública, non fose posible a instalación de acometida provisional, autorizarase, por petición do interesado, o uso da auga por toma nas bocas de rega, mediante utilización de orelleira ou columna propiedade de "Emafesa", de forma que en modo ningún se deixe corre-la auga libremente. Cada vez que se deixen de utilizar estas bocas de rega, deberán quedar perfectamente pechadas, evitando así perdas inútiles de auga.

2.-O solicitante constituirá previamente nas oficinas de "Emafesa", unha garantía equivalente ó dobre do importe do valor da columna ou orelleira para os efectos de responder da súa devolución unha vez transcorrido o prazo de utilización, así coma a taxa de utilización dela.

3.-"Emafesa" procederá á instalación do aparello de medida que permita contabiliza-lo consumo realizado nas tomas eventuais en bocas de rega. Esta instalación realizarase a cargo do abonado e correrá tamén da súa conta a vixilancia e seguridade do aparello de medida, e será responsable en caso de roubo ou deterioración.

4.-"Emafesa" inspeccionará as instalacións obxecto deste artigo. Se a inspección de "Emafesa" verificase calquera situación que represente estrago ou uso inadecuado de auga, procederase á resolución do contrato e suspensión da subministración. Será responsabilidade do solicitante a devolución ó servizo dos elementos prestados en perfectas condicións de uso.

## CAPÍTULO VII

### Instalacións interiores

#### Artigo 30. Condicións xerais

Correspóndelles ós propietarios/abonados ou beneficiarios do servizo, a adecuación e conservación das instalacións que estean dentro dos límites da propiedade. Para tal efecto, enténdense como tales, ademais das interiores xerais do edificio, as comprendidas dende a chave de rexistro, (excluída a propia chave), ata o armario ou cadro de contadores situado no interior do inmoble, así como aquelas outras que estean no interior das vivendas.

#### Artigo 31. Autorización de posta en servizo

A instalación xeral interior do edificio deberá ser executada por instalador autorizado por Industria, e axustarse en canto ó seu trazado, dimensionado e condicións dos materiais ó indicado en particular nas normas básicas para instalacións de auga aprobadas polo organismo correspondente de Industria e en xeral nas distintas normas técnicas elaboradas polos demais organismos competentes e á normativa urbanística municipal.

#### Artigo 32. Instalación de grupos elevadores

1.-En todos os edificios que polas súas dimensións así o requiran e onde a presión da rúa poida chegar con dificultade, será obrigatoria a instalación de grupos elevadores que garantan o normal abastecemento de auga a todas as vivendas ou locais do predio. Deberán ademais dispoñer estas instalacións dun alxibe de reserva cunha capacidade mínima de utilización de 160 litros por vivenda ou local; así mesmo, estes depósitos disporán de medios axeitados para que sexa doado e eficaz o seu control e limpeza periódica. Para iso irán provistos dun rexistro de entrada, ademais do sumidoiro e tubo de ventilación, que deberán cumpri-lo disposto no artigo 34.

2. En todos os depósitos o escorredoiro será capaz de absorbe-lo máximo caudal que poida recibir, e non se autorizará a conexión directa do dito escorredoiro co sumidoiro ou calquera canalización de augas utilizadas.

3.-Os sistemas de bombeo contemplados no presente artigo deberán adaptarse ás normas aprobadas polo organismo correspondente de Industria establecidas sobre

o particular, e é obrigatoria a presentación do seu deseño e especificación no proxecto para a obtención da licenza de edificación.

4.-En previsión dunha rotura de tubo, todo inmoble ou local disporá de desaugadoiros suficientes que permitan a libre evacuación da auga, cun caudal igual ó máximo que se poida subministrar pola acometida contratada, sen ocasionar danos materiais ó edificio, produtos almacenados nel ou calquera elemento exterior. "Emafesa" declinará toda responsabilidade derivada do incumprimento deste precepto.

5.-En calquera caso, en canto á instalación de grupos elevadores, estarase ó disposto na normativa básica para instalacións interiores e na normativa urbanística do Concello de Ferrol.

#### Artigo 33. Utilización de depósitos de reserva

Sempre que se utilicen depósitos de reserva, instalaranse de forma que o ramal de alimentación ó depósito estea tomado a partir do lugar de colocación do contador correspondente.

#### Artigo 34. Limitacións

1.-Prohíbese utilizar axustes á acometida xeral do inmoble mediante aparellos succionadores, bombas ou mecanismos análogos que poidan producir arrastres de caudal ou causen depresión ou perda de carga na rede xeral de distribución.

2.-Os aparellos destinados á refrixeración ou acondicionamento de aire non poderán conectarse á rede de distribución de auga, máis que instalando unha billa de peche, un purgador de control da estanquidade e un dispositivo de retención, ademais das condicións establecidas na licenza municipal.

3.-Non se permite a instalación de aparellos ou dispositivos que pola súa construción sexan susceptibles de introducir calquera fluído nas instalacións interiores ou o retorno voluntario ou casual da auga saída destes.

4.-En calquera caso estarase ó disposto na normativa vixente en cada momento.

#### Artigo 35. Facultade de inspección

En toda nova instalación interior procederase a unha revisión minuciosa das

obras e non se efectuará o axuste da acometida se aquela non cumprise as condicións fixadas na licencia.

### **Artigo 36. Modificación das instalacións interiores**

Os abonados dos servizos de abastecemento estarán obrigados a solicitar do Concello a preceptiva licencia para calquera modificación que pretendan efectuar nas súas instalacións interiores.

### **Artigo 37. Roturas en instalacións interiores**

1.-A reparación de roturas ou avarías producidas nas instalacións interiores sempre serán por conta do abonado.

2.-No caso de instalacións interiores xerais de edificios ou locais os abonados teñen a obriga de llo comunicar a "Emafesa" e acomete-la súa reparación de forma inmediata, agás que se demostre responsabilidade da empresa nelas.

3.-Se transcorre un prazo superior a un mes dende o coñecemento da avaría por parte de "Emafesa" e os abonados non realizasen a reparación, "Emafesa" poderá intervir de oficio na reparación cargando os custos ós abonados e todo iso sen prexuízo da imposición da sanción que corresponda de acordo co establecido no capítulo XI deste regulamento. Así mesmo, "Emafesa" poderá proceder á instalación de aparello medidor para rexistra-los consumos adicionais producidos como consecuencia da rotura ou avaría, para proceder á súa facturación ós responsables. Calquera fuga de auga que sexa medida polo aparello medidor será facturada de acordo coas tarifas correspondentes.

## **CAPÍTULO VIII**

### **Aparellos de medida**

#### **Artigo 38. Equipos de medida**

1.-A auga subministrada, calquera que sexa o seu uso, coas excepcións que se prevén neste regulamento, será aforada por medio de contadores que deberán axustarse e cumprilas normas establecidas para eles.

Para poder contratar directamente a subministración de auga con destino a unha vivenda, local ou instalación, será condición necesaria a instalación de contador

independente por conta do seu propietario. A súa ausencia, por calquera causa, dará lugar á aplicación da tarifa de cano libre establecida na ordenanza fiscal vixente. Igualmente, aplicarase a tarifa de cano libre cando en caso de avaría do contador o abonado non proceda a súa substitución por outro no prazo que "Emafesa" lle conceda para tal efecto.

No caso de contratos existentes que non dispoñan de aparello de medida, establécese a obrigatoriedade da súa instalación a cargo do propietario.

2.-O equipo de medida estará constituído polos seguintes elementos: chave de paso, contador, válvula de retención, billa de comprobación e chave de paso.

#### **Artigo 39. Propiedade do contador**

1.-Os contadores serán de propiedade do abonado ou usuario, agás no caso de alugamento que serán propiedade de "Emafesa".

2.-Por petición do abonado, "Emafesa" subministrará contadores en réxime de alugamento, e percibirá por este servizo unha cota mensual que incluírá a instalación e substitución do aparello en caso de avaría.

3.-Será obriga do cliente, a custodia do contador ou aparello de medida, así como conservalo e mantelo en perfecto estado e é extensible esta obriga tanto ós precintos do contador coma ás etiquetas daquel.

#### **Artigo 40. Características técnicas dos aparellos de medida**

1.-Os aparellos medidores de consumos da subministración de auga potable ou contadores serán dos modelos homologados polo Ministerio de Industria ou organismo competente, debidamente verificados polo órgano correspondente da Administración e dos calibres establecidos na normativa reguladora de Industria e regulamento en vigor.

O calibre mínimo do contador estará supeditado ó diámetro da acometida ou toma interior existente e establécense, con carácter xeral, os seguintes calibres mínimos:

Para uso doméstico: mínimo de 13 mm.

Para uso non doméstico: mínimo de 20 mm.

2.-"Emafesa" facilitará todo tipo de información referida a este artigo a futuros abonados ou usuarios, trala petición formal destes.

#### **Artigo 41. Instalación de contadores**

1.-A instalación dos contadores será realizada por "Emafesa" ou instalador autorizado pola Consellería de Industria.

2.-Serán por conta do abonado os gastos ocasionados por instalación, substitución e reposición dos contadores.

#### **Artigo 42. Comprobación e control**

1.-"Emafesa" realizará a comprobación e control dos instalados para os efectos de funcionamento coa frecuencia que xulgue oportuna.

2.-É obrigación do abonado a conservación en bo estado do aparello de medida e do recinto en que se aloxe, así como do acceso a el.

#### **Artigo 43. Manipulación e precintado**

1.-O abonado non poderá manipularlo aparello de medida nin o seu precinto, agás autorización escrita por parte de "Emafesa".

2.-A modificación da situación dos contadores, calquera que sexa a súa causa, será efectuada por "Emafesa" ou instalador autorizado pola Consellería de Industria; neste último caso coa previa notificación a empresa subministradora.

3.-O precintado dos contadores é competencia exclusiva de "Emafesa".

#### **Artigo 44. Colocación dos contadores**

1.-Os locais ou/e armarios onde se coloquen os aparellos medidores de consumo estarán situados, agás norma urbanística en contrario, en un lugar de doado acceso, ben en paramento de fachadas ou peches de predios, próximos á entrada principal do predio ou portais de inmobles e a distancia mínima da chave de rexistro. Estarán dotados de iluminación eléctrica, con desaugadoiro directo ó sumidoiro con cota adecuada e suficientemente separados doutras dependencias destinadas á centralización de contadores de gas e de electricidade. O lugar de colocación dos contadores deberá estar pechado e protexido en cámara (habitáculo) ou armario normalizado de características e

dimensións que para tal efecto estableza a normativa vixente.

2.-A porta do armario onde se sitúe o contador ou a da cámara ou local destinado á instalación da batería de contadores deberá ser dunha ou máis follas, de forma que ó abrirse, deberá deixar visible o contador e os seus elementos accesorios ou a totalidade do cadro de contadores se estivesen instalados en batería.

En caso de instalación sobreelevadora, hanse manter libres para as baterías os espazos necesarios, con independencia do que ocupe aquela.

3.-Os abonados serán responsables do estado de conservación destas instalacións da súa propiedade, así como dos danos e alteracións que polo seu descoido poidan afectar á integridade do aparello de medida (contador) ou ó seu funcionamento.

4.-Con carácter excepcional poderase autorizar a instalación de aparellos de medida (contadores xerais) en arquetas baixo o nivel do chan, e sempre de conformidade co disposto na normativa urbanística.

5.-A chave de peche do armario ou local de colocación de contadores será normalizada. Caso de que os armarios ou locais instalados con anterioridade non dispuxesen de chave normalizada, o propietario ou responsable do inmovble estará obrigado a subministrar unha copia da chave ó persoal de "Emafesa".

6.-Non obstante, e polo que respecta a este artigo os promotores, usuarios ou abonados cumprarán as condicións mínimas que para instalacións interiores se establecen na Orde de 9 de decembro de 1975 do Ministerio de Industria pola que se aproban as normas básicas para as instalacións interiores de subministración de auga así como as complementarias que en desenvolvemento da anterior dicte o Concello de Ferrol.

#### **Artigo 45. Contador individual**

1.-Cada vivenda ou local destinado a actividades profesionais, comerciais, industriais e servizos, disporá, preferentemente, dun contador individual.

2.-No suposto de que se instalen contadores xerais, o consumo do contador xeral entenderase igual á suma dos consumos correspondentes ás distintas vivendas e locais.

Será responsable do contador xeral e o seu consumo a comunidade de abonados coma se dun só usuario se tratase.

3.-No suposto e en tanto dure a situación do establecemento de mínimos de consumo na ordenanza fiscal vixente e no caso de que a lectura de consumos non puidese practicarse, considerarase como mínimo de consumo do contador xeral o da suma dos mínimos establecidos na citada ordenanza para as distintas vivendas e locais de que se compoña o edificio.

#### **Artigo 46.-Control de grupos de elevación e outros**

1.-Nos edificios en que deban de instalarse grupos de elevación de auga, o control de cheo destes realizarase mediante contador independente; de igual maneira instalaranse medidores de consumo para acometidas contra incendios, billas e outros elementos de subministración de auga destinados para usos en zonas comúns. Estes contadores deberán estar situados, ó igual cós das vivendas e demais locais do inmovible, no local ou armario a que fai referencia o artigo 44 do presente regulamento.

2.-O contrato será tramitado de forma independente a nome da comunidade de propietarios, e será formalizado por quen presida a comunidade ou o seu representante legal.

#### **Artigo 47. Modificacións no calibre do contador**

Cando por necesidades de maior consumo sobrevidas ás previstas inicialmente deba de ser modificado o calibre do contador por non ser axeitado ó consumo real, o usuario ou abonado adquirirá pola súa conta, de acordo co artigo 41, parágrafo segundo, o aparello medidor axeitado ó control de consumo das novas necesidades.

#### **Artigo 48. Adquisición de contadores**

Os usuarios ou abonados poderán adquirilo contador no lugar onde estimen oportuno, e será aceptado por "Emafesa" sempre que estea homologado e cumpra as condicións do presente regulamento. Para tal efecto, "Emafesa" informará ós usuarios das características esixidas ó contador que se vai instalar.

Non obstante, a empresa disporá dun almacenamento de contadores a disposición dos abonados.

#### **Artigo 49. Consumos a través de orelleiras ou columnas**

1.-Nas obras e outros servizos e instalacións nas que a subministración de auga se realice a través de orelleira ou columna, esta irá provista obrigatoriamente de aparello medidor de consumo.

2.-Non obstante, se a actividade a desenvolver o fose en períodos de tempo moi curtos, "Emafesa" poderá dispensar ó solicitante da instalación do contador, e procederá se é o caso, á facturación ó abonado temporal por consumos estimados, en función dos metros cúbicos a utilizar.

### **CAPÍTULO IX**

#### **Concesión, modalidades e contratación da subministración**

##### **Artigo 50.-Concesión da subministración**

1.-O servizo de auga potable concederá "Emafesa" a aquelas persoas, físicas ou xurídicas, nacionais ou estranxeiras, que reúnan as condicións previstas no presente regulamento e que se obriguen ó cumprimento dos preceptos contidos nel.

2.-O contrato de subministración formalizarase entre "Emafesa" e o titular do dereito de uso do ben inmovible, local ou industria a abastecer, ou por quen o represente.

##### **Artigo 51.-Modalidades de subministración**

1.-As subministracións de auga concederanse baixo as seguintes modalidades:

- a) Consumos para usos domésticos.
- b) Consumos para usos comerciais.
- c) Consumos para usos industriais, de servizos ou calquera outros usos non domésticos.
- d) Consumos para a execución de obras de urbanización ou de obras e instalacións que se realicen en rúas, vías públicas ou bens de dominio público municipal ou doutras Entidades.

e) Consumos para outros usos non comprendidos nos precedentes apartados, como piscinas, alxibes ou depósitos, circos, barracas de feira, etc.

f) Institucións e dependencias oficiais de organismos estatais, autonómicos e locais.

g) Outros Concellos.

2.-Os consumos para usos agrícolas, gandeiros e similares, outorgaranse, se é o caso, unha vez avaliado o proxecto da explotación e trala obtención da preceptiva licencia.

### **Artigo 52. Usos domésticos**

Son os realizados polo abonado no seu domicilio particular.

### **Artigo 53. Usos comerciais**

Considéranse como tales todas aquelas subministracións nas que a auga constitúe un elemento indirecto e non básico na actividade.

### **Artigo 54. Usos industriais**

Considéranse como tales todas aquelas subministracións nas que a auga constitúe un elemento directo e básico ou imprescindible na actividade.

### **Artigo 55. Usos de obra**

Aqueles en que o abonado se dispoña a realizar calquera tipo de urbanización, edificación ou obra e contrate auga con destino a ela, así como as subministracións especialmente destinadas para estes fins.

### **Artigo 56. Prioridades de uso**

1.-O servizo de auga potable ten por obxecto satisfacer prioritariamente as necesidades de consumo doméstico da poboación. As concesións de auga para outros usos estarán supeditadas a que estean cubertas as necesidades de abastecemento da primeira.

2.-Cando o Concello o considere necesario, e por causas de forza maior, tralo acordo do órgano municipal competente, poderá reducir, ou incluso suspende-lo servizo de subministración para outros usos distintos do doméstico, sen que por iso o Concello contraia obrigação ningunha de indemnización, xa que estas subministracións quedan subordinadas a

cubri-las necesidades mínimas de consumo da poboación. No caso de se impoñeren restriccións na subministración, estas afectarán en primeiro lugar ás subministracións para rega de xardíns, terreos de recreo e seguidamente ás subministracións de usos agrícolas e de rega e industriais.

### **Artigo 57. Documentos necesarios para tramita-la alta**

1.-Previamente á alta o solicitante deberá de presentar nas oficinas de "Emafesa" os documentos que se expresan, sen prexuízo de calquera outros esixibles pola normativa vixente en cada momento:

- Boletín de instalador, visado pola Delegación Provincial competente en materia de Industria ou, na súa ausencia, proba de estanquidade.
- Escritura de propiedade, contrato de alugamento ou documento que acredite o dereito de dispoñibilidade sobre o inmovible para o que solicite a subministración.
- Documento que acredite a personalidade do contratante.
- En caso de vivenda, licencia de primeira ocupación.
- Se se trata de local comercial ou industria, certificado final de obra e informe municipal favorable.
- Se é unha subministración para obras, a licencia municipal de obras en vixencia.

2.-Ó formalizaren os contratos, os solicitantes constituíran, así mesmo, unha fianza na contía establecida pola Ordenanza vixente, para cada modalidade de subministración, en garantía do cumprimento das responsabilidades contractuais.

### **Artigo 58. Obxecto e alcance do contrato**

1.-O contrato outorgarase exclusivamente para cada vivenda unifamiliar, piso, inmovible comercial ou industrial ou obra que constituía unha unidade independente, non poderá facerse extensivo en ningún caso a outras vivendas unifamiliares, pisos, inmobles comerciais ou industriais ou obras, aínda no suposto de pertencer ó mesmo propietario/usuario e lindaren as propiedades e

ser de común utilización polo inquilino ou propietario.

Non obstante, serán susceptibles de formalización nun só contrato aqueles inmobles que legalmente autorizados pasen a constituír unha unidade de edificación e as súas instalacións de subministración de auga potable fosen unificadas.

2.-Cada subministración quedará adscrita para os fins para os que se concedeu, e queda prohibido dedicala a outros usos ou modifica-lo seu alcance, para o que, en calquera caso, será necesaria unha nova solicitude e, se é o caso, o contrato conseguinte.

#### **Artigo 59. Formalización do contrato**

1.-A subministración de auga formalizarase mediante o preceptivo contrato entre "Emafesa" e o propietario/arrendatario do inmoble, vivenda ou local que se trate de abastecer, ou por persoa que, en nome dos anteriores, conte con poder legal de representación.

2.-O contrato, en modelo aprobado, dilixenciarao "Emafesa" nas oficinas do servizo e en duplicado exemplar, un para entregarllo ó abonado e o outro para a propia empresa. O propietario/usuario abonará as cotas, taxas e fianzas establecidas na ordenanza reguladora do servizo de auga potable.

3.-Non se levará a cabo ningunha subministración sen que o usuario teña subscrito con "Emafesa" o correspondente contrato de subministración. Unha vez concedida a subministración, esta non será efectiva ata que o abonado/usuario non faga efectivos os traballos de conexión, fianza e dereitos establecidos na ordenanza fiscal.

#### **Artigo 60. Condición de abonado ou usuario**

1.-O abonado haberá de ser obrigatoriamente o titular do uso do servizo e, en consecuencia, haberá de coincidir sempre co propietario ou arrendatario do local ou vivenda.

2.-A condición de abonado por subministración de auga é persoal e intransferible, sendo causa de rescisión do contrato a perda ou cesamento da titularidade, e deberá solicitarse nova alta, sen prexuízo do que se establece no parágrafo seguinte.

3.-Nos casos de cambio de titularidade na vivenda ou local por sucesión *mortis causa*, o

cónxuxe viúvo en uso legal daquela haberá de comunicarllo no prazo máximo de seis meses a "Emafesa", que efectuará a inscrición do novo abonado, quedando suxeito ó establecido no parágrafo precedente en caso de incumprimento.

#### **Artigo 61. Duración do contrato**

1.-A póliza de abono subscribírase por tempo indefinido, e está o usuario obrigado a comunicar por escrito o seu desexo de dar por rematado o contrato de subministración con 10 días de antelación á data en que haxa de causar baixa no servizo. A baixa será formalizada polo usuario nas oficinas de "Emafesa".

Non obstante o anterior, os contratos de subministración temporais quedan limitados á causa que os motiva.

2.-As altas de abono, para consumos domésticos, comerciais, industriais ou de servizo e demais modalidades de uso, permanecerán vixentes de non formalizarse a correspondente solicitude de baixa por parte do propietario/abonado, aínda cando non se utilice a vivenda ou local.

Non obstante o propietario de vivendas ou locais arrendados poderá formaliza-la baixa destes cando teña coñecemento de que o arrendatario non cumpriu co preceptuado no apartado anterior. O propietario será responsable das cantidades facturadas á vivenda ou local por consumos realizados unha vez abandonados os inmobles polos arrendatarios, para o que terá que comunicarlle a Empresa subministradora calquera cambio de arrendamento.

3.-A subministración de auga durante a construción de edificios ou instalacións limitarase ó prazo de execución das obras, e aplicaranse ós consumos as tarifas vixentes.

4.-Non obstante, e para os fins exclusivos do límite do prazo de execución a que se refire o punto anterior, non se entenderá rematada a obra en tanto non certifique tal extremo a Dirección desta e, se é o caso, se conceda a preceptiva autorización de primeira ocupación das vivendas ou locais de que se trate por parte do órgano competente.

Se por causas non imputables ós usuarios ou propietarios das vivendas ou locais, a documentación esixida no parágrafo anterior (autorización de primeira ocupación) non puidese ser achegada e demandaren a

subministración de auga coa presentación dos documentos esixidos no artigo 57, apartados A) e B) respectivamente, "Emafesa" procederá, trala comprobación das instalacións (cadro de distribución de contadores, etc), a formaliza-lo contrato oportuno.

5.-As subministracións para os usos especificados no apartado letra e) do artigo 51, concederanse con carácter temporal, sempre que a rede de distribución o permita.

6.-O contrato de subministración extinguirase, sen prexuízo da execución anterior ou non das accións que se contemplan no capítulo XII, por calquera das causas seguintes:

- 1) Por petición do abonado/usuario.
- 2) Por petición do propietario do inmovible, aínda que non sexa o abonado, sempre que acredite que non existe arrendatario titular do contrato.
- 3) Por instancia de "Emafesa", nos seguintes casos.
  - a) Por persistencia durante máis de tres meses en calquera das causas de suspensión de subministración reguladas no artigo 72 deste regulamento.
  - b) Por incumprimento do termo ou condición do contrato de subministración.
  - c) Cando se produza unha nova alta no mesmo local.

#### **Artigo 62. Restablecemento da subministración**

O restablecemento da subministración tras causar baixa no servizo, só poderá efectuarse mediante a subscripción dunha nova póliza de abono e pagamento dos dereitos correspondentes.

#### **Artigo 63. Causas de denegación do contrato**

1.-"Emafesa", na súa condición de xestora integral do servizo de abastecemento de auga potable ó termo municipal de Ferrol exerce a prerrogativa de autorizar e contrata-la subministración de auga ós usuarios e abonados, con suxeición ás normas establecidas no presente Regulamento e aquelas que no seu desenvolvemento dicte ou dispoña o Concello de Ferrol. A denegación do contrato por parte de "Emafesa" poderá ser

recorrida perante o Condello de Ferrol mediante o procedemento establecido para tal efecto neste mesmo regulamento.

2.-En consecuencia, non se poderá contrata-la subministración de auga potable nos seguintes casos:

1.-Cando a persoa física ou xurídica que solicite a subministración se negue a formaliza-lo preceptivo contrato comprensivo do alcance e condicións establecidas no presente regulamento e en modelo normalizado aprobado para tal efecto.

2.-Cando o solicitante non presente a documentación requirida no artigo 57.

3.-Cando na inspección das instalacións, a entidade subministradora ("Emafesa") comprobe o incumprimento das prescricións que sobre aquelas establecesen os organismos competentes.

4.-Cando se comprobe que o petionario da subministración é debedor, con débeda declarada firme, por tal concepto, como abonado de contrato anteriormente realizado en local ou vivenda do termo municipal de Ferrol.

## **CAPÍTULO X**

### **Lecturas e consumos**

#### **Artigo 64. Periodicidade e horario de lecturas**

1.-"Emafesa" está obrigada a establecer un sistema de toma de lecturas permanente e periódico, de forma que, para cada abonado os ciclos de lectura conteñan, no posible, o mesmo número de días.

2.-A lectura dos datos rexistrados por cada contador realizarana directamente os empregados de "Emafesa" e, de non existir proba fidedigna en contra, dará fe dos consumos de cada abonado. A lectura dos datos rexistrados por cada contador realizarase bimestralmente e, en todo caso, "Emafesa" está obrigada a realizar un mínimo de tres lecturas reais ó ano, repartidas en períodos máximos de catro meses.

3.-Os lectores de "Emafesa" estarán provistos de tarxeta acreditativa de tal condición, que exhibirán ós abonados, sempre que lles fose requirida.



4.-O abonado deberá facilitarlle ó lector ou persoal inspector de "Emafesa" o acceso á vivenda ou local para verifica-la lectura ou revisión da instalación ata o contador. Os lectores ou inspectores realizarán as súas funcións en horas hábiles ou de normal relación co exterior.

5.-Cando por ausencia do abonado non fose posible a toma de lectura, o persoal encargado depositará na caixa de correos do abonado/usuario unha tarxeta na que deberá constar:

- a) Nome do abonado e enderezo da subministración.
- b) Data na que se presentou para efectua-la lectura.
- c) Data na que o abonado efectuou a lectura.
- d) Representación gráfica da esfera ou sistema de contador que marque a lectura, exposta de xeito que resulte doado determininala.
- e) Diferentes formas de facer chegar á lectura do seu contador a "Emafesa".

En caso de que o abonado non facilite a lectura do seu contador, "Emafesa" procederá a efectua-la liquidación de acordo co establecido no artigo 65.

#### **Artigo 65. Imputación de consumos**

A imputación de consumos realizarase polos procedementos seguintes:

1.-Por diferenza de lecturas do aparello de medida.

2.-En caso de ausencia do abonado, o lector ou inspector de "Emafesa" deixará constancia da visita realizada, estendendo o preceptivo aviso ou notificación, para que o abonado, se é o caso, remita ás oficinas do servizo a lectura do consumo rexistrado no contador e a data na cal se realizou. De non facelo así, "Emafesa" procederá a practica-la liquidación tomando como base a estimación de consumos da maneira seguinte:

- a) O consumo rexistrado durante o mesmo período do ano anterior.
- b) En defecto do dato anterior, a media aritmética dos consumos

correspondentes ós dous bimestres inmediatos anteriores ou, na súa ausencia, a media dos consumos correspondentes ó grupo de actividade de que se trate en cada caso.

c) De non ter constancia dos datos a que se refire o apartado b), procederase á aplicación do mínimo establecido para a vivenda, local, etc. na ordenanza fiscal vixente.

Todo iso sen prexuízo de que, unha vez coñecidas as lecturas reais, se proceda á liquidación definitiva.

3.-Cando se rexistre unha anomalía na data de lectura ou un contador deixase de funcionar por calquera causa, agás cando sexa por negligencia imputable ó comportamento do abonado, efectuarase liquidación do consumo consonte o especificado no punto 2.

As facturacións realizadas por este procedemento de avaliación terán a consideración de firmes, é dicir, non a conta.

4.-No caso de que o abonado non instale aparello medidor ou non proceda a súa substitución en caso de avaría, de acordo co establecido neste regulamento, aplicarase a tarifa de cano libre contemplada na ordenanza fiscal correspondente.

#### **Artigo 66.**

No momento en que "Emafesa", a través das lecturas efectuadas no contador ou por outro método, detecte consumos desproporcionados ós habituais, comunicarllo por escrito ó abonado no prazo de 15 días, co obxecto de que este realice as comprobacións oportunas na súa instalación.

#### **Artigo 67. Verificación de contador**

1.-Calquera abonado que teña dúbidas sobre o correcto funcionamento do contador, poderá solicitar unha verificación oficial a "Emafesa". A dita verificación oficial levaraa a cabo a Consellería de Industria ou organismo que no seu momento resulte competente ó respecto, e correrá a cargo do solicitante os gastos que orixine aquela, e pola desmontaxe e colocación do contador que efectuará o persoal de "Emafesa". As verificacións dos contadores propiedade de "Emafesa" e os alugados ós abonados serán sufragadas por "Emafesa".

"Emafesa" poderá substituír inmediatamente o contador que deba ser verificado por outro provisional, sen custo para o abonado, novo e correctamente homologado.

2.-De confirmarse o incorrecto funcionamento do contador, procederase á rectificación da liquidación practicada.

#### **Artigo 68. Autorización para encher piscinas e similares**

1.-A utilización da subministración para calquera dos usos a que se refire o artigo 51.1 e), tales como encher piscinas ou outros usos similares, non poderá efectuarse sen a previa licenza urbanística e autorización de "Emafesa", e facturarse o dito consumo á tarifa sinalada na ordenanza vixente.

2.-A autorización citada concederáa "Emafesa" tendo en conta as disponibilidades do caudal xeral ou da zona, características da rede e demais circunstancias que concorran.

## **CAPÍTULO XI**

### **Infraccións e sancións**

#### **Artigo 69. Das actuacións sobre comportamentos ilícitos**

1.-Toda actuación, comportamento ou conducta do abonado ou usuario que contraña a normativa deste regulamento considerarase infracción, dando lugar á imposición de sancións; todo iso sen prexuízo de incorrer en causa de suspensión da subministración así como na de esixencia de indemnización por danos e perdas e de responsabilidades que na orde penal puidesen ser esixibles ó causante perante os tribunais de xustiza.

2.-O exercicio da potestade sancionadora por parte do Concello de Ferrol axustarase ós principios e disposicións xerais establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e, en canto ó seu procedemento, estarase ó disposto no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

#### **Artigo 70. Das infraccións**

As infraccións, atendida a súa importancia, a menor ou maior gravidade, e a súa natureza e efectos, clasifícanse en leves, graves e moi graves.

- Serán infraccións de carácter leve as seguintes:

1.-Non limita-lo consumo ás propias necesidades, especialmente en casos de restriccións.

2.-Non informar á empresa subministradora da alteración substancial do réxime de consumo cando se trate de consumos moi elevados.

3.-Non lle facilitar ó servizo os datos solicitados por el coa maior exactitude referidos ó momento de formalización de contrato ou en circunstancias sobrevidas con posterioridade.

4.-Manter defectos ou fugas nas instalacións que dean lugar a consumos innecesarios.

- Serán infraccións de carácter grave as seguintes:

1.-Impedírlle-lo acceso ós empregados, inspectores e lectores de "Emafesa", nos supostos recollidos no presente regulamento.

2.-Instalación, sen previa autorización de "Emafesa", de aparellos que determinen perdas de carga na rede.

3.-Calquera actuación sobre a acometida que non se ataña ó establecido no artigo 25 do regulamento.

4.-A reiteración ou reincidencia na comisión de tres ou máis faltas leves.

- Serán infraccións de carácter moi grave as seguintes:

1.-Cede-la utilización da subministración a terceiras persoas con ánimo de fraude.

2.-Emprego de auga para uso distinto do contratado.

3.-Realización de tomas ilegais ou derivacións de caudal, permanente ou circunstancial.

4.-Utiliza-la auga para encher piscinas ou alxibes sen autorización expresa do servizo.

5.-Falsidade na declaración de datos para a contratación da subministración con ánimo de defraudar.

6.-A modificación, rotura, alteración ou cambio de situación dos contadores e os seus precintos.

7.-A reiteración ou reincidencia na comisión de tres ou máis faltas graves.

### Artigo 71. Das sancións

As sancións impoñeranse polas infraccións leves, graves e moi graves a que se refiren os artigos precedentes, son as seguintes:

a) Leves: apercibimento polo órgano competente do Concello e, por instancia de "Emafesa", sen tramitación de expediente e con obrigación polo infractor de normaliza-la súa situación non regulamentaria, no prazo que para tal efecto se lle outorgue. A reiteración na comisión dunha ou dúas infraccións leves será sancionada con multa de ata 120,20 euros.

Todo iso con independencia da facturación que por excesos de consumo correspondan ó abonado en relación cos puntos 1), 2), e 4) artigo 70, no apartado relativo a infraccións leves.

b) Graves: trala tramitación do preceptivo expediente, as faltas graves serán sancionadas polo órgano competente do Concello e, por instancia de "Emafesa", coa imposición de multa de entre 120,21 e 300,51 euros.

c) Moi graves: trala tramitación do preceptivo expediente, as infraccións moi graves sancionaraas o órgano competente do Concello e, por instancia de "Emafesa" con multa de entre 300,51 e 601,01 euros, sen que en ningún caso o importe da sanción imposta poida resultar menos gravosa para o infractor co cumprimento da norma infrinxida.

## CAPÍTULO XII

### Suspensión da subministración

#### Artigo 72. Causas de suspensión da subministración

1.-"Emafesa" procederá ó corte inmediato da subministración:

a) Cando o persoal da empresa atope derivacións nas súas redes con consumo de auga sen contrato ningún, é dicir, realizadas clandestinamente. Neste caso, poderá efectua-la suspensión inmediata da subministración de auga a tales derivacións; daralle conta diso ó Concello.

b) Cando nas subministracións a edificacións ou locais o uso da auga ou disposición e características das instalacións interiores puidese afectar por retorno á potabilidade da auga na rede de distribución, ata que os abonados tomen as medidas oportunas para evitar tales situacións. Deste corte da subministración daráselle conta ó órgano competente do Concello de Ferrol.

2. Na marxe dos casos reseñados anteriormente "Emafesa" poderá suspender-la subministración ós seus abonados ou usuarios, trala tramitación do preceptivo expediente, nos casos seguintes:

a)Cando un usuario goce de subministración sen contrato escrito ó seu nome que o ampare e se negue a súa subscripción por requirimento de "Emafesa".

b) En todos os casos en que o abonado faga uso da auga que se lle subministre en forma ou para usos distintos dos contratados.

c) Cando o abonado estableza ou permita establecer derivacións na súa instalación para subministración de auga a outros terreos, locais ou vivendas diferentes dos consignados no seu contrato de subministración e de forma fraudulenta.

d) Cando o abonado mesture augas doutra procedencia e requirido por "Emafesa" para que anule esta anomalía, non a leve a efecto no prazo máximo de quince días.

3. O Concello de Ferrol poderá suspender-la subministración ós seus abonados ou usuarios, trala tramitación do preceptivo expediente, nos casos seguintes:

a) Polo non pagamento das facturacións dentro dos prazos legalmente

establecidos conforme ó procedemento regulado no artigo 73 do regulamento.

b) Por falta de pagamento, nos prazos legalmente establecidos, das cantidades resultantes de liquidación firme de fraude ou no caso probado de reincidencia de fraude.

### **Artigo 73. Procedemento de suspensión da subministración**

1.-Esgotado o procedemento de constrinximento que en relación cos apartados 72.3 lle corresponde incoar ó órgano competente do Concello de Ferrol, "Emafesa" iniciará actuacións previas á iniciación do procedemento de suspensión da subministración mediante as seguintes actuacións:

1.º ) Comunicación ó abonado ou usuario por correo certificado dos feitos incursos en posible causa de suspensión, pola que o require para que no prazo improrrogable de dez días hábiles contados a partir da data en que lle deu conta dos feitos regularice a súa situación conforme ó preceptuado no presente regulamento e demais normas de aplicación.

2.º ) Se transcorrido o dito prazo, o abonado ou usuario non procedese de acordo co ordenado, "Emafesa" daralle coñecemento dos feitos ó Concello de Ferrol e solicitará deste a apertura de procedemento de suspensión da subministración con adopción de medidas de carácter provisional que aseguren a eficacia da resolución final que puidese adoptarse.

A incoación do procedemento de suspensión axustarase ó establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2.-A resolución que sobre o particular se adopte, e para os efectos da súa execución, comunicaráselle, se é o caso, a "Emafesa".

3.-A execución da suspensión da subministración de auga por parte da empresa subministradora, agás nos supostos de suspensión inmediata, non poderá realizarse en domingo, días festivos, ou naqueles en que por calquera motivo, non exista servizo

administrativo e técnico de atención ó público, para os efectos de tramitación completa do restablecemento do servizo.

O restablecemento do servizo por "Emafesa" realizarase o mesmo día ou, no seu defecto, o seguinte día hábil no que fosen emendadas as causas que orixinaron suspensión da subministración.

4.-A notificación da suspensión da subministración incluírá como mínimo os seguintes puntos:

- Nome e enderezo do abonado.
- Nome e enderezo do ben inmovible abastecido.
- Data a partir da cal se producise o corte.
- Detalle da razón que orixina a suspensión.
- Nome, enderezo, teléfono e horario das oficinas comerciais de "Emafesa" en que se poidan emenda-las causas que orixinaron a suspensión.

5.-O restablecemento do servizo implicará para o abonado responsable o pagamento das débedas contraídas e gastos derivados das actuacións de suspensión e restablecemento, así coma o de cotas de alta de novo contrato, se sobre el recaeu resolución de rescisión.

6.-Transcorridos tres meses dende a suspensión da subministración sen que o abonado emende calquera das causas establecidas no artigo 72 deste regulamento, polas cales se procedeu á citada suspensión, o servizo está facultado para resolver-lo contrato, ó abeiro do disposto no artigo 1124 do Código civil, sen prexuízo dos dereitos de "Emafesa" á esixencia do pagamento da débeda e ó resarcimento dos danos e perdas a que dese lugar.

### **Artigo 74. Da vía de constrinximento**

Con independencia do procedemento sancionador e do procedemento de suspensión de subministración, o non pagamento en vía voluntaria dos recibos por subministración de auga a "Emafesa" dará lugar á esixencia en vía executiva por parte do órgano competente do Concello. "Emafesa" instará ó Concello de Ferrol para que utilice a vía de constrinximento establecida para as taxas municipais.

## CAPÍTULO XIII

### Prezos e tarifas

#### Artigo 75.

1.-As obras de ampliacións de rede na lonxitude que regulamentariamente se determine, acometidas e os seus enganches, e demais obras e instalacións que segundo o establecido neste regulamento haxa de executar "Emafesa", deberán de ser aboadas polos promotores ou contratistas conforme ó importe do orzamento elaborado de acordo cos prezos fixados no cadro de prezos vixente en cada momento.

2.-O importe do orzamento deberá de ingresarse nas oficinas de "Emafesa", unha vez aceptado polo solicitante, previamente ó comezo dos traballos e sempre a reserva da liquidación definitiva, unha vez que se realice a obra ou instalación.

3.-A non aceptación do orzamento polo interesado no prazo máximo dun mes dende a súa notificación considerárase como desistimento da petición formulada polo solicitante.

#### Artigo 76. Dereitos económicos

1.-Os propietarios ou usuarios estarán obrigados a satisfacer, no momento de formalización do contrato, as cotas de enganche de contador, taxas, fianza e demais impostos establecidos para cada vivenda ou local na ordenanza fiscal vixente.

2.-"Emafesa", conforme a este Regulamento, sen prexuízo das indemnizacións, dereitos e accións que a lexislación vixente lle ampare, non poderá cobrarlles, por subministración de auga potable, ós seus abonados, outros conceptos distintos ós especificamente establecidos na ordenanza fiscal.

#### Artigo 77. Sistema de tarifas

A tarifa por subministración de auga aplicarase en función do volume de auga aforado por cada abonado, segundo as modalidades de consumo previstas no artigo 51, de acordo cos preceptos contidos no presente regulamento.

En todo caso, estarase ó disposto na estrutura de tarifas aprobada.

#### Artigo 78. Cobro de servizos específicos

Ademais dos supostos enumerados nos artigos precedentes, darán lugar á percepción de tarifas a prestación dos servizos que se enumeran: a subministración para probas en conducións, caldeiras ou instalacións análogas; a cesión e utilización de oreilleiras para toma de auga en bocas de rega e, en xeral, aquelas outras prestacións establecidas na ordenanza fiscal vixente.

## CAPÍTULO XIV

### Facturación e forma de pagamento

#### Artigo 79. Obxecto e periodicidade da facturación

1.-"Emafesa" realizará a facturación, de maneira xeral, con periodicidade bimestral, agás existencia de contrato ou convenio específico que estableza outra periodicidade.

2.-Aplicaranse as tarifas vixentes en cada momento, aprobadas polo Concello de Ferrol e recollidas na Ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministración de auga potable.

3.-No impreso de cobro ós abonados deberá figura-las cantidades facturadas, período ó que corresponda a facturación, lecturas e data da súa toma, tarifa unitaria aplicada, forma e lugar de pago e todos aqueles outros datos requiridos pola LXT para calquera liquidación.

#### Artigo 80. Obrigas tributarias

Será de conta do solicitante ou abonado o pagamento de toda clase de tributos estatais, provinciais, de comunidades autónomas ou municipais, establecidos ou que poidan establecerse e os que graven a contratación de subministracións e demais servizos obxecto deste regulamento ou a súa formalización mediante aumento.

#### Artigo 81. Forma de pagamento das facturas ou recibos

1.-O aboamento dos recibos por subministración e polos demais servizos de vencemento periódico efectuarase por calquera dos seguintes procedementos: polo sistema de domiciliación bancaria, con cargo á conta de entidade con oficina aberta no termo municipal, pagamento a través de entidades bancarias

colaboradoras e nas dependencias de "Emafesa" en días hábiles e horario de oficina.

2.-En caso de devolución dos recibos polas entidades bancarias por causas imputables ó abonado serán pola súa conta a totalidade dos gastos que se produzan con ocasión da dita devolución, incluso a liquidación de xuros de mora correspondentes.

## **DISPOSICIÓN ADICIONAIS**

### **Primeira**

Sen prexuízo do establecido nos distintos capítulos do presente regulamento, estarase ó disposto no planeamento xeral de ordenación municipal, nas normas básicas para instalacións interiores e outras normas de carácter complementario, en todo aquilo que poida afectarlle ó servizo de abastecemento de auga potable e saneamento.

### **Segunda**

Calquera resolución producida ó abeiro do presente regulamento poderá ser recorrida en alzada ante o Concello de Ferrol.

## **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Á entrada en vigor deste regulamento quedan derogados:

- 1) O actual regulamento aprobado polo Concello de Ferrol, en sesión de 29 de maio de 1984.
- 2) Cantas disposicións de inferior ou igual rango se opoñan ó preceptuado neste regulamento.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

O presente regulamento entrará en vigor unha vez que se anuncie no Boletín Oficial da Provincia a súa aprobación definitiva.

Ferrol, 12 de decembro de 2002.

O alcalde, Xaime Bello Costa.